



BASES LEGAIS DO 1º SORTEO EN FACEBOOK DA CAMPAÑA #TeñoMonte | Onde está o teu monte e como se chama?

1. Convocatoria e participación

E-MONTE SOLUCIÓNS FORESTAIS S.R.L. (en diante **eMonte**), convoca o primeiro sorteo en Facebook correspondente á campaña #TeñoMonte, gañadora da IV edición do Concurso de Proxectos de Publicidade Comercial do Concello de Santiago de Compostela, cuxo obxectivo principal é dar a coñecer a plataforma online www.emonte.es.

A participación no sorteo farase de xeito virtual a través da Páxina de Facebook de eMonte (<https://www.facebook.com/emontegalicia/>) entre os días 11 e 25 de outubro. As persoas participantes deberán encher un formulario cos seus datos persoais (nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade, cidade de residencia e correo electrónico) e a resposta á pregunta 'Como se chama o teu monte e onde está?.'

Coa participación acéptase que tanto o nome e apelidos declarados da persoa como o nome e localización do seu monte poderán ser vistos publicamente difundidos como apoio á campaña na Páxina de Facebook de eMonte. O resto de datos non se farán públicos de ningún xeito, tendo en conta o seu carácter persoal suxeito á Lei de Protección de Datos.

eMonte non se responsabiliza pola falla de veracidade ou incorrección dos datos achegados e resérvase o dereito a declarar o sorteo deserto no caso de que non sexa posible contactar coa persoa premiada, ou coas dúas de reserva, debido ás condicións anteriormente citadas.

2. Requisitos para a participación

Poderá participar calquera persoa física maior de 18 anos que responda as preguntas 'Onde está o teu monte e como se chama', e que sexa fan da páxina de Facebook de eMonte.

3. Prazos e duración

A participación estará aberta dende o día 11 de outubro ás 16:30 horas ata o 25 de outubro ás 23:50 horas.

4. Gañador/a: condicións xerais e publicidade do resultado

A persoa gañadora e as dúas suplentes elixíranse coa ferramenta que a tal efecto ten a propia aplicación Easypromos, que garante que un sorteo é aleatorio automatizado. Os resultados faranse públicos o día 26 de outubro na Páxina de Facebook de **eMonte.es**.

A persoa gañadora do sorteo dá o seu consentimento expreso e inequívoco a **eMonte** para publicar o seu nome e apelidos para a difusión do resultado do sorteo, sen que isto xere dereito a favor da persoa gañadora a recibir remuneración ou beneficio algún.

Calquera dúbida que poida xurdir na interpretación destas bases será resolta por eMonte a



través do enderezo info@emonte.es

5. Premio

A persoa que resulte elixida gañará un bono canxeable por unha noite para dúas persoas nun dos seguintes aloxamentos: “Cabañitas del Bosque” ou “Cabanas do Barranco”, ambos localizados en Outes (A Coruña).

Este bono é válido para reservas en tempada baixa en réxime de só aloxamento. Para reservas en tempada alta deberá aboarse a diferenza ao establecemento. A validez do bono é ata o 30/09/2017. Para consultar dispoñibilidade, facilitar os datos, reservar data é preciso contactar co establecemento.

A persoa gañadora será notificada oficialmente por correo electrónico ao día seguinte do sorteo público. A entrega de premio farase segundo acordo particular entre **eMonte** e a persoa gañadora no prazo máximo de 7 días naturais dende a notificación oficial. No caso de que eMonte non consiga contactar coa persoa gañadora neste prazo, contactará cos postos de reserva, e en caso de non ser posible, o sorteo quedará deserto.

6. Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos 15/1999 e o seu regulamento de desenvolvemento RD1720/2007, informámoslle que os datos persoais que vostede nos facilita de forma voluntaria a través dos nosos ficheiros automatizados e/ou manuais cuxa finalidade será remitirle información de interese por parte de E-MONTE SOLUCIÓNS FORESTAIS S.R.L., sen prexuízo do exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais mediante escrito dirixido a E-MONTE SOLUCIÓNS FORESTAIS S.R.L., Rúa de San Pedro, nº 50, 1º, 15703, Santiago de Compostela, A Coruña.